

EIXE 2 | A Recuperación como meta

PROGRAMA DE PREVENCIÓN DO SUICIDIO EN PERSOAS MAIORES.

Entidade executante

Cruz Vermella Española, Oficina Local de Lugo.

(<https://cruzroja.es>)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese no ámbito territorial de Lugo, Sarria e Burela.

Persoas destinatarias

Mulleres e homes maiores de 65 anos residentes no Concello de Lugo.
Prevense 15 persoas beneficiarias no ano 2022.

Obxectivos

Xeral: Mellorar a calidade de vida das Personas Maiores no seu proceso de envellecemento, reducindo as desigualdades de xénero identificadas.

Específicos:

Previr o suicidio entre as persoas maiores participantes no Programa de atención.

Obxectivos de resultados:

R.1 Detectadas as persoas maiores que presenten factores de risco de condutas autolíticas.

R.2 Realizada a avaliación do risco de suicidio.

R.3 Ofrecido apoio profesional e persoal que minimize o impacto dos factores de risco nas persoas atendidas.

R.4 Emprendido nas mulleres e homes maiores o proceso de reforzo de competencias persoais que contribúan a mellorar o benestar emocional

R.5 Mellorada a participación social que favoreza o establecemento de vínculos afectivos, ocupación do tempo libre.

R.6 Aumentado o coñecemento sobre estratexias de prevención do suicidio en persoas maiores.

R.7 Implementada a perspectiva de xénero de modo que se valoren as diferencias existentes entre homes e mulleres tanto a nivel de impacto, de factores de risco, como de estratexia de intervención a empregar.

EIXE 2 | A Recuperación como meta

R. 8 Establecido un sistema de xestión e coordinación que nos permite realizar o seguimento e a avaliación do programa a través da xestión recursos económicos, materiais e participación do voluntariado.

Metodoloxía

A intervención basease en tres liñas de actuación fundamentais:

- a) Actividades de detección e valoración de situacións de risco a través de observación directa, entrevistas persoais, aplicación de escalas de valoración...
- b) Actividades dirixidas á adquisición e fortalecemento de competencias relacionadas co benestar persoal necesarias para a través de accións formativas e o apoio na participación en actividades, paliar a soidade e o fomento da participación da persoa usuaria na mellora do seu propio problema a través do seguimento individualizado.
- c) Fomento da participación social mediante a incorporación en actividades grupais.

Para conseguilo, a intervención necesariamente ha de levarse a cabo dunha forma individualizada e continuada no tempo dende o entorno próximo traballando na Asamblea Local pero tamén no lugar de residencia (hospital, da persoa usuaria e nos espazos públicos segundo sexa preciso, fomentando sempre a participación e protagonismo da persoa, tendo en conta as súas fortalezas, debilidades e circunstancias particulares.

O proxecto utiliza como referencia metodolóxica o **Marco de Atención ás Persoas (MAP)** adoptado por CRE, e que pon no centro da intervención ás persoas e as súas necesidades. O punto de inicio é a acollida, na que se fai unha avaliación exhaustiva da situación persoal, a partir da cal deseñase de forma consensuada coa persoa usuaria un Plan Personalizado de Intervención (dentro do cal poden incluír intervencións en varios proxectos diferentes dende CRE e tamén derivacións a recursos externos).

Ao longo da execución deste PPI, vanse avaliando os logros conseguidos e modificándoo para obter os resultados pretendidos.